

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

5º curso
EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP DE CEDEIRA

CURSO 2021-22

ÍNDICE

1.Introdución e contextualización	3
1.1. Introducción	
1.2. Contexto socioeconómico	
1.3. Características do centro	
1.4. Características do noso alumnado	
1.Obxectivos da Educación Primaria.....	7
2.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.....	9
3.Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe das distintas áreas.....	118
4.Temporalización.....	118
5.1 Calendario Escolar	
5.2 Horario	
5.3. Temporalización das Unidades Didácticas	
5.Metodoloxía.....	122
6.1 Aprendizaxe Cooperativa	
7. Atención á diversidade	126
7.1 Adaptación metodolóxicas ao alumnado con NNEE.	
8. Materiais e recursos didácticos	143
9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción.....	145
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	148
11. Actividades complementarias e extraescolares	150
12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.	150

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1. Introducción.

A finalidade de esta programación é asegurar unha formación común a todos os nosos alumnos/as que lles permita afianzar o seu desenvolvemento persoal, académico, as súas habilidades sociais, hábitos de traballo e estudo, sentido artístico, creatividade e afectividade.

Esta programación responde a un intento de racionalizar a práctica educativa, co obxecto de que esta non se desenvolva de forma arbitraria senón que obedeza a un plan.

1.2. Contexto socioeconómico.


Encontrámonos nun centro de Educación Infantil e Primaria, situado nunha vila da zona sur da nosa Comunidade Autónoma. O C.E.I.P sitúase preto da vila de Redondela onde hai diversos colexios públicos. Preto temos á casa da cultura, onde programan actividades nas que poden participar os alumnos libremente ou a través do centro.

Os pais e ás nais do alumnado de primaria teñen unha media de 35 anos, tendo a maioría dous fillos.

O nivel económico das familiar é medio. Os pais traballan principalmente na industria, que é moi importante na poboación. Respecto ás nais, un tanto por cento moi baixo dedícase os seus labores, ou resto desenvolven ou seu traballo fóra do fogar, dedicándose a labores de limpeza, auxiliares administrativas, dependentas,...

As familias teñen unha grande participación na vida escolar, mostran moito interese polas actividades realizadas non centro e polo nivel educativo dous seus fillos.

A maioría do profesorado fala en galego aínda que a maior parte aprendeu a falar en castelán. Na súa formación reflíctese un amplo coñecemento da nosa lingua. No




traballo na escola ou seu uso é maioritario.

A opinión do profesorado é que hai abondo material en galego para impartir

ás clases. A escola favoreceu o avance do idioma aínda que na nosa lingua deberíase impartir maioritariamente do currículo. Dentro da comunidade educativa é ou sector non que está a lingua galega máis normalizada.


Ás familias falan en galego maioritariamente cando alguén se dirixe a elas nesa lingua.



la e cos fillos ou 45% non o usa case nunca, ou 40% ás veces e só un 15% emprega habitualmente ou galego.

Cando van de tendas ou ás oficinas públicas empregan maioritariamente o castelán, aínda que unha porcentaxe entre o 15 e o 30% o emprega habitualmente segundo o lugar do que se trate (hai máis uso non Concello, no mercado e nas oficinas pública e menos cando van de tendas, aos bancos ou ao médico).

Unha boa parte dous pais e nais estudaron galego (ben na escola ou non instituto, ben pola súa conta ou facendo cursos). Sen embargo non o empregan case nunca para ler ou escribir.



1.3. Contexto socioeconómico.

Esta programación vaise desenrolar no C.E.I.P. de Cedeira, centro de Educación Infantil e Primaria, situado na parroquia de San Andrés de Cedeira no concello de Redondela. Este núcleo de 2.023 habitantes, está preto da vila onde hai diversos colexios públicos.

As familias dos nosos alumnos están encadradas dentro da clase media. Os pais traballan principalmente na industria e ás nais, un tanto por cento moi baixo adícase aos seus labores, ou resto desenvolven ou seu traballo fóra do fogar, adicándose a labores de limpeza, auxiliares administrativas, dependentas,...

As familias teñen unha grande participación na vida escolar, mostran moito interese polas actividades realizadas non centro e polo nivel educativo dos seus fillos.

1.4. Características do centro.

O Ceip de Cedeira é un centro dunha liña (3 aulas de Infantil e 6 de Primaria). O equipo docente está formada por 17 mestres, 9 con funcións de titoría e os restantes con especialidades: Música, Inglés, Educación Física, Apoio Infantil, Relixión, Orientación, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. O Orientador está compartido co C.E.I.P. de Laredo e a mestra especialista de AL itenera a dúas unitarias máis.

O Centro ten todos os órganos de goberno e de coordinación docente que establece a lexislación vixente.

O C.E.I.P leva aberto desde o ano 1983, ten un edificio onde están as aulas de Infantil, Primaria, as das especialidades: Inglés, Audición e Linguaxe, Necesidades Educativas, Orientación e os espazos comúns: Biblioteca, aula de informática, Sala de profesores e Dirección.

A aula de Música e o Comedor atópanse nun anexo a este edificio. As clases en xeral son amplas e están ben dotadas.

Entorno ao edificio principal hai un patio cuberto, pistas de baloncesto e zona con árbores e vexetación. O centro dispón de servizos complementarios: transporte escolar e comedor (xestionados pola Consellería).

A xornada escolar é continua de 09:00 a 14:00 horas, o comedor funciona ata as 16:00, hora na que comezan as actividades extraescolares ofertadas pola ANPA.

O profesorado defínese como firme defensor dun modelo de escola pública galega, aberta e pluralista, que ten como principal obxectivo a educación dos seus alumnos/as na liberdade, na tolerancia e no respecto ás diferenzas entre os pobos e as persoas, defende a realidade xeográfica, sociocultural e lingüística na que estamos inmersos.

Deféndese e proporciónase a correcta utilización da lingua galega como canle básica para as aprendizaxes e de comunicación entre os membros da nosa comunidade educativa. Todo isto sen menosprezar o coñecemento da outra lingua oficial, o castelán, e a lingua estranxeira, o inglés.

O centro persigue a utilización de sistemas activos, non autoritarios, que impliquen a participación dos alumnos/as no proceso de aprendizaxe. O labor educativo baséase no respecto mutuo, no diálogo, na reflexión, na colaboración e na solidariedade. Terase en conta a diversidade de ritmos de aprendizaxe, as diferentes capacidades intelectuais e as características dos nosos alumnos/as para axudalos e que teñan a posibilidade de acceder aos obxectivos xerais das distintas etapas do Sistema Educativo. A diferenza estará no nivel de consecución dos obxectivos, no ritmo e nos cambios para conseguilos. Se terá en conta a elaboración de adaptacións curriculares que precise un alumno/a, de maneira que sexan as menos numerosas e significativas posible.

1.5. Características do alumnado.

Neste contexto social, cultural e económico enmarcarase a programa didáctica do quinto nivel de Educación Primaria que ten as seguintes características xerais:

Os alumnos-as de 10 e 11 anos empezan a tomar conciencia de que están deixando de ser nenos/as. Aínda que o seu cerebro aínda pensa como neno/a, o seu físico será pronto o dun adulto. De alí que entre as características, produto destes grandes cambios, a miúdo se atope certa torpeza.

Os nenos de 10 e 11 anos atravesan unha etapa na que cognitivamente, xa están entrando na etapa chamada das operacións formais, comezan a realizar operacións e conceptos de maior complexidade.

A nivel emocional ou afectivo, iníciase a etapa xenital do desenvolvemento psicosexual, co cal se ingresa na adolescencia. O grupo de pares comeza a xogar

un rol moi importante e os procesos identificativos comezan a operar de forma pronunciada.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 5º de primaria. Grupo formado por 12 rapaces/as (8 nenos e 4 nenas) que se coñecen desde infantil, agás un que se incorporou ao grupo en 1º primaria. No grupo atópanse varios alumnos que precisan un reforzo educativo para seguir o ritmo natural da clase. A pesar de ser un grupo reducido, non existe unión forte entre todos eles o que supón un reto para este curso no que a relación centrarase case na súa totalidade nese grupo de referencia.

2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención a aqueles relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

**3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS
COMPETENCIAS CLAVE. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE
APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN
PARTE DOS PERFIS COMPETENCIAIS.**

PERFIL COMPETENCIAL		
Competencia Clave:		Aprender a aprender
Nivel	Área	Estándares
5º	CN	5º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.
5º	CN	5º-CNB1.1.4 - Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
5º	CN	5º-CNB1.1.5 - Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.
5º	CN	5º-CNB1.1.6 - Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.
5º	CN	5º-CNB1.2.1 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
5º	CN	5º-CNB1.3.1 - Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
5º	CN	5º-CNB1.3.3 - Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.
5º	CN	5º-CNB1.4.1 - Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.
5º	CN	5º-CNB1.4.2 - Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
5º	CN	5º-CNB4.4.1 - Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes.
5º	CS	5º-CSB1.1.1 - Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
5º	CS	5º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
5º	CS	5º-CSB1.1.3 - Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
5º	CS	5º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.

5º	CS	5º-CSB1.2.2 - Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.
5º	CS	5º-CSB1.3.1 - Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
5º	CS	5º-CSB1.3.2 - Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.
5º	CS	5º-CSB2.3.1 - Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios.
5º	CS	5º-CSB2.3.2 - Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.
5º	CS	5º-CSB2.4.1 - Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
5º	CS	5º-CSB2.6.2 - Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence.
5º	CS	5º-CSB2.7.1 - Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade.
5º	CS	5º-CSB2.9.2 - Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.
5º	CS	5º-CSB3.5.2 - Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.
5º	CS	5º-CSB4.2.1 - Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea.
5º	CS	5º-CSB4.3.1 - Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.
5º	CS	5º-CSB4.4.3 - Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas
5º	EF	5º-EFB.1.1.1 - Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
5º	EF	5º-EFB.1.1.2 - Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.

5º	EF	5º-EFB.1.1.3 - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
5º	EF	5º-EFB.1.1.4 - Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.

5º	EF	5º-EFB.1.1.5 - Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.
5º	EF	5º-EFB.1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.
5º	EF	5º-EFB.1.2.2 - Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.
5º	EF	5º-EFB.1.3.1 - Ten interese por mellorar a competencia motriz.
5º	EF	5º-EFB.1.3.2 - Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.
5º	EF	5º-EFB.1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
5º	EF	5º-EFB.1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
5º	EF	5º-EFB.1.3.6 - Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.
5º	EF	5º-EFB.2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase
5º	EF	5º-EFB.2.1.2 - Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
5º	EF	5º-EFB.3.1.1 - Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
5º	EF	5º-EFB.3.1.2 - Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
5º	EF	5º-EFB.3.1.3 - Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.
5º	EF	5º-EFB.3.1.4 - Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.

5º	EF	5º-EFB.3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
5º	EF	5º-EFB.3.1.6 - Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades.
5º	EF	5º-EFB4.1.1 - Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.

5º	EF	5º-EFB4.1.2 - Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos
5º	EF	5º-EFB4.1.3 - Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.
5º	EF	5º-EFB4.1.4 - Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos.
5º	EF	5º-EFB4.2.1 - Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.
5º	EF	5º-EFB4.2.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.
5º	EF	5º-EFB5.1.1 - Ten interese por mellorar as capacidades físicas.
5º	EF	5º-EFB5.1.2 - Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos ingeridos etc.).
5º	EF	5º-EFB5.1.3 - Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias..
5º	EF	5º-EFB5.1.4 - Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.
5º	EF	5º-EFB5.1.5 - Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.
5º	EF	5º-EFB5.2.1 - Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.
5º	EF	5º-EFB5.2.2 - Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo.
5º	EF	5º-EFB5.2.3 - Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.

5º	EF	5º-EFB5.3.1 - Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios básicos.
5º	EF	5º-EFB6.1.1 - Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.
5º	EF	5º-EFB6.1.2 - Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.
5º	EF	5º-EFB6.2.1 - Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.

5º	EF	5º-EFB6.2.2 - Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
5º	EF	5º-EFB6.2.3 - Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.
5º	EF	5º-EFB6.3.1 - Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.
5º	EF	5º-EFB6.3.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.
5º	EF	5º-EFB6.3.3 - Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.
5º	EF	5º-EFB6.3.4 - Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.
5º	EF	5º-EFB6.4.1 - Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.
5º	EF	5º-EFB6.4.2 - Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.
5º	EM	5º-EMB1.3.1 - Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.
5º	EM	5º-EMB1.3.2 - Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
5º	EM	5º-EMB1.4.1 - Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.
5º	EM	5º-EMB1.4.2 - Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.

5º	EM	5º-EMB1.5.1 - Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
5º	EM	5º-EMB1.5.2 - Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos)
5º	EM	5º-EMB1.5.3 - Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.
5º	EM	5º-EMB1.6.1 - Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
5º	EM	5º-EMB1.6.2 - Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.

5º	EM	5º-EMB1.6.3 - Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
5º	EM	5º-EMB2.1.1 - Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.
5º	EM	5º-EMB2.1.2 - Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.
5º	EM	5º-EMB2.1.3 - Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento
5º	EM	5º-EMB2.1.4 - Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar
5º	EM	5º-EMB2.2.1 - Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.
5º	EM	5º-EMB2.2.2 - Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.
5º	EM	5º-EMB2.2.4 - Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.
5º	EM	5º-EMB2.3.1 - Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.
5º	EM	5º-EMB2.3.2 - Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
5º	EM	5º-EMB3.1.2 - Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.

5º	EM	5º-EMB3.3.1 - Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.
5º	EM	5º-EMB3.3.4 - Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado.
5º	EP	5º-EPB2.4.1 - Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.
5º	LC	5º-LCB1.1.1 - Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao grao de formalidade dos contextos nos que produce o seu discurso: debates, exposicións planificadas, conversas.
5º	LC	5º-LCB1.1.2 - Expressa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade.
5º	LC	5º-LCB1.1.3 - Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía.

5º	LC	5º-LCB1.3.2 - Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais seguindo modelos e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.
5º	LC	5º-LCB1.3.3 - Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.
5º	LC	5º-LCB1.5.1 - Comprende a de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais
5º	LC	5º-LCB1.5.2 - Recoñece a tipoloxía de textos orais atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).
5º	LC	5º-LCB1.5.4 - Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectivo.
5º	LC	5º-LCB1.6.1 - Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios e propios, axeitados aos seus gustos e intereses..
5º	LC	5º-LCB1.7.1 - Elabora comprensiblemente textos orais do ámbito escolar e social e de diferente tipoloxía, seguindo unha secuencia lineal, adecuados ao nivel e imitando modelos
5º	LC	5º-LCB1.7.2 - Organiza e planifica o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos(narrar, expoñer, describir, informarse, dialogar)
5º	LC	5º-LCB1.8.1 - Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, para obter información e verificar a comprensión.
5º	LC	5º-LCB1.8.2 - Participa en enquisas e entrevistas, asegurándose mediante preguntas adecuadas, da comprensión propia e por parte da persoa interlocutora.

5º	LC	5º-LCB1.8.3 - Participa en debates explicando as súas opinións e ideas, emitindo xuízos persoais fundamentados sobre os temas e coa profundidade propia da súa idade.
5º	LC	5º-LCB1.9.1 - Resume entrevistas, noticias e debates infantís? procedentes da radio, televisión e da internet.
5º	LC	5º-LCB1.9.3 - Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas de interese, seguindo modelos.
5º	LC	5º-LCB2.1.3 - Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do ámbito escolar e social:
5º	LC	5º-LCB2.1.4 - Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
5º	LC	5º-LCB2.2.1 - Utiliza o título e as ilustracións para activar coñecementos previos sobre o tema, axudándose deles para acceder máis doadamente ao contido dun texto.
5º	LC	5º-LCB2.2.3 - Identifica as palabras clave dun texto.

5º	LC	5º-LCB2.2.4 - Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións e esquemas que o acompañan.
5º	LC	5º-LCB2.2.5 - Relaciona a información contida nos gráficos e ilustracións e a relaciona coa información que aparece no texto
5º	LC	5º-LCB2.2.6 - Interpreta mapas conceptuais sinxelos.
5º	LC	5º-LCB2.3.1 - Programa de xeito autónomo un tempo semanal para ler diferentes textos.
5º	LC	5º-LCB2.3.2 - Le voluntariamente en función dos seus gustos e finalidade persoal.
5º	LC	5º-LCB2.4.1 - Consulta na biblioteca diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo.
5º	LC	5º-LCB2.4.2 - Localiza na biblioteca de aula e centro lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas de funcionamento da mesma.
5º	LC	5º-LCB2.4.3 - Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora, xénero.
5º	LC	5º-LCB2.4.4 - Selecciona lecturas con criterio persoal e manifesta a súa opinión sobre os textos lidos.
5º	LC	5º-LCB2.6.1 - Identifica a intención comunicativa de textos xornalísticos e publicitarios. Diferenza entre información e publicidade.
5º	LC	5º-LCB2.7.1 - Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.
5º	LC	5º-LCB3.1.1 - Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas...
5º	LC	5º-LCB3.1.2 - Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
5º	LC	5º-LCB3.1.4 - Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico.
5º	LC	5º-LCB3.1.5 - Presenta un informe, utilizando soporte papel e informático, sobre situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.
5º	LC	5º-LCB3.1.6 - Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.
5º	LC	5º-LCB3.3.3 - Emprega, de xeito guiado e seguindo modelos, estratexias de planificación, procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guiños, borradores e mapas conceptuais.

5º	LC	5º-LCB3.3.4 - Redacta o texto e revisao para melloralo, utilizando borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e da secuencia coherente do escrito.
5º	LC	5º-LCB3.3.5 - Aмосa na evolución dos seus escritos interese e esforzo por escribir correctamente de forma persoal.
5º	LC	5º-LCB3.4.1 - Utiliza habitualmente o dicionario, en diferentes soportes, no proceso de escritura.
5º	LC	5º-LCB3.5.1 - Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, xornais, revistas etc.)
5º	LC	5º-LCB3.5.2 - Elabora con creatividade textos do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis? facendo ilustracións e buscando imaxes dixitais para facilita a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.
5º	LC	5º-LCB3.7.1 - Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar e ilustrar os textos, buscar información, crear táboas e gráficas
5º	LC	5º-LCB3.8.1 - Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.
5º	LC	5º-LCB4.3.1 - Coñece a estrutura do dicionario e úsao, en diferentes soportes para buscar o significado de calquera palabra (derivados, sinónimos etc.).
5º	LC	5º-LCB4.3.2 - Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario.
5º	LC	5º-LCB4.5.1 - Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade, como apoio e reforzo da aprendizaxe.
5º	LC	5º-LCB5.2.2 - Interpreta a linguaxe figurada, en textos literarios.
5º	LC	5º-LCB5.4.1 - Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.
5º	LC	5º-LCB5.5.1 - Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade ou de produción propia.
5º	LC	5º-LCB5.5.2 - Memoriza e reproduce textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións.
5º	LC	5º-LCB5.6.1 - Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.
5º	LG	5º-LG-B1.1.1 - Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.
5º	LG	5º-LGB1.10.1 - Aмосa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
5º	LG	5º-LGB1.11.1 - Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.

- 5º LG 5º-LGB1.2.1 - Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
- 5º LG 5º-LGB1.2.2 - Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.
- 5º LG 5º-LGB1.4.1 - Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
- 5º LG 5º-LGB1.4.2 - Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas.
- 5º LG 5º-LGB1.4.3 - Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.

5º	LG	5º-LGB1.4.4 - Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.
5º	LG	5º-LGB1.6.1 - Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
5º	LG	5º-LGB1.6.5 - Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
5º	LG	5º-LGB1.7.1 - Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
5º	LG	5º-LGB1.8.1 - Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación.
5º	LG	5º-LGB1.9.1 - Utiliza a expresividade corporal: miradas e postura corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.
5º	LG	5º-LGB2.1.3 - Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
5º	LG	5º-LGB2.1.4 - Interpreta, personificacións, hipérboles, ironías e dobres sentidos en textos.
5º	LG	5º-LGB2.1.6 - Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferencia, de maneira xeral, información, opinión e publicidade de carácter bastante evidente.
5º	LG	5º-LGB2.1.7 - Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
5º	LG	5º-LGB2.1.8 - Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.
5º	LG	5º-LGB2.10.1 - Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación

5º	LG	5º-LGB2.11.2 - Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.
5º	LG	5º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña.
5º	LG	5º-LGB2.3.1 - Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.
5º	LG	5º-LGB2.3.2 - Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias.

5º	LG	5º-LGB2.3.3 - Realiza o resumo dun texto sinxelo.
5º	LG	5º-LGB2.4.1 - Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
5º	LG	5º-LGB2.4.2 - Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.
5º	LG	5º-LGB2.5.1 - Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade.
5º	LG	5º-LGB2.5.3 - Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
5º	LG	5º-LGB2.6.1 - Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
5º	LG	5º-LGB2.7.1 - Descodifica con precisión e rapidez as palabras.
5º	LG	5º-LGB2.7.4 - Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información...
5º	LG	5º-LGB2.8.1 - Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
5º	LG	5º-LGB2.8.2 - Usa a biblioteca de centro con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
5º	LG	5º-LGB2.8.3 - Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con certa autonomía.
5º	LG	5º-LGB2.9.1 - Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros físicos e/ou virtuais
5º	LG	5º-LGB3.1.1 - Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións.

5º	LG	5º-LGB3.1.2 - Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados.
5º	LG	5º-LGB3.1.3 - Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
5º	LG	5º-LGB3.1.5 - Escribe e presenta textos propios elaborando borradores.

5º	LG	5º-LGB3.1.6 - Usa o dicionario durante a elaboración de textos.
5º	LG	5º-LGB3.2.1 - Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións
5º	LG	5º-LGB3.2.2 - Redacta textos xornalísticos (noticias, crónicas, reportaxes, entrevistas) e (anuncios e carteis), imitando modelos publicitarios moi sinxelos.
5º	LG	5º-LGB3.2.3 - Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
5º	LG	5º-LGB3.2.5 - Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.
5º	LG	5º-LGB3.3.1 - Elabora textos escritos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.
5º	LG	5º-LGB3.4.1 - Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas.
5º	LG	5º-LGB3.4.2 - Escribe textos sinxelos de carácter creativo.
5º	LG	5º-LGB3.4.3 - Aprecio polos usos creativos da linguaxe.
5º	LG	5º-LGB3.5.1 - Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais.
5º	LG	5º-LGB3.5.2 - Emprega procesadores de textos con certa autonomía.
5º	LG	5º-LGB3.5.3 - Utiliza, habitualmente, correctores de textos.
5º	LG	5º-LGB3.7.1 - Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre párrafos, interliñado? en calquera soporte.
5º	LG	5º-LGB4.1.1 - Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.

5º	LG	5º-LGB4.1.2 - Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.
5º	LG	5º-LGB4.1.3 - Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
5º	LG	5º-LGB4.1.4 - Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo.
5º	LG	5º-LGB4.1.5 - Recoñece as oracións simples, comprende o seu significado, utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e identifica o verbo e os seus complementos: o suxeito, así como os complementos do nome.
5º	LG	5º-LGB4.4.1 - Usa diversos conectores básicos entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición...
5º	LG	5º-LGB4.4.2 - Recoñece determinados procesos de cohesión nos textos: anáfora, sinónimos...
5º	LG	5º-LGB4.5.1 - Identifica, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito..
5º	LG	5º-LGB4.5.2 - Recoñece se a oración é activa ou pasiva e é quen de facer a transformación dunha noutra.
5º	LG	5º-LGB4.6.1 - Transforma un texto sinxelo narrativo de estilo directo noutro de estilo indirecto.
5º	LG	5º-LGB4.7.1 - Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.
5º	LG	5º-LGB4.7.2 - Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras.
5º	LG	5º-LGB4.7.3 - Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas.
5º	LG	5º-LGB5.1.1 - Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos,cantigas) e da literatura galega en xeral
5º	LG	5º-LGB5.3.3 - Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, personificacións, hipérboles e xogos de palabras.
5º	MT	5º-MTB1.1.1 - Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.
5º	MT	5º-MTB1.2.1 - Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso.
5º	MT	5º-MTB1.3.1 - Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso.

5º	MT	5º-MTB1.3.2 - Iníciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas.
5º	MT	5º-MTB1.4.1 - Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
5º	MT	5º-MTB1.5.1 - Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes.
5º	MT	5º-MTB2.1.2 - Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
5º	MT	5º-MTB2.2.1 - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
5º	MT	5º-MTB2.4.3 - Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.
5º	MT	5º-MTB2.6.1 - Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.
5º	MT	5º-MTB2.6.8 - Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
5º	MT	5º-MTB2.6.9 - Estima e redondea o resultado de un cálculo valorando a resposta.
5º	MT	5º-MTB2.7.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.
5º	MT	5º-MTB2.7.2 - Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.
5º	MT	5º-MTB3.1.1 - Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.
5º	MT	5º-MTB3.1.2 - Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
5º	MT	5º-MTB3.5.1 - Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando? e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.
5º	MT	5º-MTB4.2.2 - Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.
O Departamento de orientación asesorará en cada caso ás familias para acadar o maior grado posible de colaboración e coordinará se é necesario actuacións cos servizos de atención externa: servizos sociais, gabinetes psicolóxicos, asociacións, equipo de orientación específico, servizos sanitarios, etc.

Fixarase as sesión de coordinación entre o profesorado e o equipo de orientación necesarios para facer o seguimento dos distintos programas e facer as adaptacións necesarias para cubrir o mellor posible ás necesidades dos nosos alumnos.

ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS AO ALUMNADO CON NNEE.

Para as adaptacións requeridas polo alumnado con NNEE remítome aos protocolos e indicacións aportadas polo Departamento de Orientación en cada caso. Indico a continuación os protocolos xerais a seguir co alumnado de TDA, TDAH, TEA e DISLEXIA.

- **TDA, TDAH, TEA, DISLEXIA**

Estas son adaptacións de acceso ao currículo, non significativas e que implican medidas de tipo organizativo e curricular.

- Permitir facer os exercicios do libro sen ter que copiar os enunciados, indicando só nº e páxina. Outros exercicios pódenselles dar escritos para que os peguen na súa libreta.(TDAH-SA-DISLEXIA)
- Non sentarse preto das ventás da aula para evitar distraccións.(TDAH)
- Establecer titorías de iguais ou encargado/a que axude a copiar as tarefas da casa, a organizar algún traballo, a recordarlle algunha instrucción..... Estes amigos teñen que ir rotando para non sobrecargar a ningún.
- Ter en conta que a grafía vai depender do día, xeralmente a letra é mala. Hai que se flexible co nivel de esixencia neste sentido.(TDAH, DISLEXIA, TDA)
- Poñer na pizarra o máis posible, canta máis información visual mellor.(TDAH, DISLEXIA, SA)
- Elaborar un horario con cada asignatura dunha cor. Poñer no libro e libreta de cada asignatura un papel coa cor correspondente á asignatura do horario.(TDAH, SA).

- Pegar o horario na mesa de traballo.
- Poñer un horario de aula visible para todos e todas.
- Empregar estuches planos, con gomas , os de sempre; en vez de ter todo xunto.(SA-TDAH)
- Permitir saídas da aula para calmarse, aproveitando para facer algún recado ou acompañado/a dalgún mestre de garda(TDAH- SA). Rematado o tempo especificado, volverá a aula.
- Ante cambios de centro, de titora, de actividade programada, etc. pensar actividades de anticipación, por exemplo facer visitas previas aos sitios, coñecer aos profes antes, avisar con antelación, etc.(SA).
- Empregar unha axenda o máis sinxela posible. Pode ser unha libreta de notas blanca(TDAH, DISLEXIA, SA)

<ul style="list-style-type: none"> - - Matem. Páx. 45 Ex. 5 - Para o día - - - -
<ul style="list-style-type: none"> - Obsevacións:

- Control diario da axenda por parte da titora e seguimento tutorial e na casa.
- Deixar un tempo das clase suficiente para copiar os deberes.(TDAH, DISLEXIA, SA)

- Poñer os deberes na pizarra (ou nun espazo asignado ben visible) os exercicios de cada área, os controles, etc.(TDAH, DISLEXIA, SA)
- Permitir realizar os exames pregunta a pregunta, deixar máis tempo, facelos en dúas partes, con menos actividades ,etc.(TDAH, DISLEXIA, SA)
- Empregar diversas técnicas de avaliación e darlles unha porcentaxe maior nos criterios de cualificación que as probas escritas ou exames, por exemplo:potenciar as respostas orais, as actividades da libreta,etc. trátase de comprobar que acada un obxectivo de varias maneiras, non só co exame.(TDAH, DISLEXIA, SA)
- Elaborar un sistema de gañar puntos (ECONOMÍA DE FICHAS, CONTROL DE AMONESTACIÓNS, VALES DE DESCONTO) onde as normas para gañar 1ficha non sexa pedir solo cousas que non sabe facer, hai que combinar cousas que sí sabe coas que queremos conseguir. Redactar en positivo, por exemplo: teño que tirar os papeis na papeleira.(TDAH, , SA).
- Explicar con debuxos sinxelos, representación esquemática das persoas e globos tipo cómic onde escribimos os pensamentos para que poida entender o que pensará outro neno por exemplo cando lle empurran. Neste sentido hai uns libros de Monfort que se chaman “En la mente” que traballan a partir de viñetas . (SA)
- Traballar as normas de convivencia e os conflitos con dramatización e role playing.
- Tamén se pode traballar con monigotes ou monecos que falan para explicar-lle habilidades sociais.(SA)
- Facer contratos de traballo. Redactados en primeira persoa.(TDAH, , SA).
Por exemplo:

“Na escola todos traballamos. Eu tamén teño que traballar. A profe escríbeme na libreta os exercicios que teño que facer de cada asignatura. Cada exercicio que acabo teño que tachalo. Se acabo todos gañarei unha cariña sorrinte e poderei: ir a clase de..., xogar un pouco no ordenador, etc. (calquera cousa que lle guste moito facer). Se non remato non gañarei unha cariña e terei que terminar no recreo. Cando teña cinco cariñas irei a.....(outra cousa que lle guste).”

PODO CONSEGUILO

ASDO:

- Pódese empregar un sistema de VIDAS para control de conduta dentro da aula. Por exemplo con palillos, gomets, ou calquer outro sistema que se van quitando a medida que incumple as normas. Como xa se lle ten explicado o sistema, cando se lle vaia a quitar unha vida non se lle rifa nen se lle di nada. Hai que ter claro a consecuencia de perder todas as vidas. Pode ser ter que saír da aula.(TDAH, , SA). Con todo, é preferible un sistema de fichas e de amonestación con vales de desconto para reconducir a conduta.
 - Empregar frases do tipo: Se fas isto, entón eu.....(TDAH, , SA). Mellor que: “Como fagas isto...”.
- Utilizar unha libreta persoal, sempre enriba da mesa para recordar o que hai que facer en cada sesión de traballo (TDA), co nº e páxina de exercicios de cada asignatura, que se van tachando a medida que os vai facendo. Tacha os que vai facendo e os que quedan poden pasar para a axenda.(TDAH, , SA).
- Pódese empregar un TERMÓMETRO DAS EMOCIÓNS (EMOCIONÓMETRO) que se pode pegar con velcro na aula. Na escala iría de 0-Pouco molesto a 5 – algo molesto a 10 – moi molesto. Serviría para controlar a conduta en función do que molesta e buscar a súa regulación.
- Tamén se poden empregar caras : alegre, triste, enfadado. (SA)
- Traballar co libro “Félix y las emociones”(TDAH, , SA)
- Hai material para traballo con TEA en: *Autismo Zaragoza*, e na páxina *De asperger.es* que ten moitos blogs con material. Especialmente recomenda o blog de *aspercan*.
- Hai material para traballo con Dislexia en : AGADIX, DISFAM e outras páxinas de distintas comunidades. Recomendado o protocolo de Dislexia PRO-DISLEX.

REFORZO EDUCATIVO EN FORMA DE ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS PARA ALUMNADO TDAH

- Necesidade de **normas** claras e coherentes. Negociaranse co alumnado unhas cuantas normas de funcionamento e as consecuencias do seu incumprimento. Manter un ambiente estruturado e con rutinas predecibles.

- Entregárase a todo o alumnado un libro de normas claras de organización, para repasalas a cotío, co fin de que sexan interiorizadas por todos os membros do grupo.
- **Localización do alumno dentro da aula:** que o alumno/a estea **sentado cerca** da mesa do profesor para poder levar un maior seguimento. Ao lado de compañeiros/as que lle sirvan de modelo de tranquilidade, orde e axuda. Evítase a proximidade ás zonas de tránsito.
- **Organización do material:** enriba da súa mesa só estarán os materiais que precise para a realización da tarefa.
- **Antes e durante a realización das actividades:**
 1. **Alternar actividades** teóricas con traballo práctico.
 2. Antes de empezar a actividade, **asegurarse de que a entendeu.**
 3. Utilizar **estratexias** para captar a atención inicial
 4. **Segmentar** as actividades longas e limitar o número destas
 5. **Supervisar** frecuentemente a realización, para reforzar positivamente, evitar as distraccións ou reconducir a axecución.
 6. Utilizar reforzos e **apoios visuais** na explicación oral.
 7. Colaboración do **compañeiro/a titor**
 8. Utilizar **reforzo positivo** para motivar
- **Titoría entre iguais:** Potenciar a Aprendizaxe Cooperativa, a realización de debates. Procurar que os compañeiros ignoren as condutas inxeadas e as chamadas de atención.
- As **explicacións** deben tratar de ser máis dinámicas, a transmisión da información non debe centrarse só nuna “clase magistral”. Tratar que o/a alumno/a se implique máis.

- Aqueles alumnos que amosen hiperactividade deben **exercer “cargos”** que lle permitan moverse: borrar o encerado, vaciar a papeleira, levar recados , etc.
- O profesor/a podería ten unhas **claves secretas** co alumno/a (tocar o nariz, tocar orella, toser dúas veces,...) para cando os alumnos/as están facendo algo incorrecto. Estas claves e as conductas inaxeitadas ás que se refiren, habería que consensualas previamente co alumno/a.
- Economía de fichas para **regular as conductas inaxeitadas**. (falar previamente co alumno/a para que recoñezaca o que está ben/mal, qué conductas hai que cambiar, e cómo imos facelo).
- Ter **horario diario visualmente**.
- Moitos **apoios (estímulos) visuais** aos que o profesor poida acudir para conectar outra vez ao alumno coa clase.
- Reloxos ou **temporizadores** para marcar canto tempo hai para cada tarefa.
- Técnicas para a mellora cognitiva: Autoinstrucións, autoobservación, ...
- Animar e/ou **destacar o positivo** do alumno/a para reforzar a súa autoestima (teñen serias dificultades de autoestima).
- Supervisar, facilitar e **potenciar a relación cos seus compañeiros/as**, porque adoitan ter dificultades de aceptación e na relación cos seus iguais.
- Aproveitar a súa creatividade e os seus temas de interese para que de vez en cando **destaque na aula e se sinta ben e valorado** polos seus compañeiros/as.
- **Estratexias expositivas**: A memoria de traballo pode presentar algunhas dificultades (cantidade de información simultánea, escasa duración atencional,...). O profesorado terá en conta:
 1. Antes de empezar, **comprobar que atende**.
 2. Utilizar frases curtas e claras.

3. Manter o contacto visual e permanecer preto.
 4. Focalizar a atención nos conceptos “clave”
 5. Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición.
 6. Presentar a idea principal explicitamente.
 7. Implicalo /a, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.
 8. Comprobar que copiou o sinalado.
- Non sobrecargar de tarefas para casa: reducir, priorizar e seleccionar as que sexan máis importantes
 - **Indicarlle**, da maneira que pareza máis eficaz (marcas no libro, anotando na axenda, nota informativa para a familia ...) o **contido do que debe estudar** para o examen.
 - Cambiar os **criterios** dándolle un maior peso á avaliación do traballo diario, que ao examen (pedir traballos, facer actividades de reforzamento, etc.)
 - É moi importante que o alumno anote na súa **axenda** as tarefas para casa e as datas de exames:
 1. Podemos buscar un **compañeiro/a que lle axude** a revisar que ten todo anotado correctamente.
 2. Control por parte da familia e do profesorado
 3. Escribir tamén algo positivo, cousas nas que debe mellorar.
 - Utilizar diferentes formas (oral, escrita ou con novas tecnoloxías) e instrumentos de avaliación.
 - Os **exames escritos** deben conter preguntas claras e pechadas que soliciten resposta breve, ou exame tipo test (polo menos unha parte do exame).
 - Completar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.

- Presentar escrito o texto dos exames, salientando a parte máis importante.
- **Supervisar a realización** e pedir que os revisen antes da entrega.
- A primeira (ou primeiras) preguntas deberían ser iguais para todo o grupo o **tratar de que a percepción de que o seu examen é diferente sexa mínima.**
- Quizáis para algún examen poidan necesitar un **tempo extra.**
- Débeselle esixir só **criterios mínimos** para superar a materia.
- Realizar entrevistas periódicas co alumnado e coa familia.

O DÉFICIT DE ATENCIÓN (TDAH) É UN TRASTORNO DE CONDUCTA INVOLUNTARIO. O PROFESOR DEBE FACILITAR ESTRATEXIAS AO ALUMNO/A QUE LLE AXUDEN A MELLORAR O SEU PROCESO DE APRENDIZAXE E A SÚA AUTOESTIMA.

PAUTAS E ESTRATEXIAS XERAIS PARA OPTIMIZAR O PROCESO DE APRENDIZAXE NO ALUMNADO CON RASGOS DISLÉXICOS

Entre outras, recomendase observar as seguintes *pautas xerais*:

1. Proporcionarlle a máxima **atención individualizada** posible e animalo a preguntar cando teña algunha dúbida.
2. **Comprobar sempre que entendeu** o material escrito co que debe traballar.
3. Asegurarse que os **textos** que se lle ofrecen para ler sexan adecuados ao seu nivel lector.
4. Concederlle **máis tempo** que aos seus compañeiros de clase para realizar as tarefas.
5. **Evitar que lea en público** se non o desexa. Se é necesario, procurar darlle con **antelación o texto.**
6. Evitar sacalo ao encerado cando non esteamos seguros de que o vai facer ben.

7. **Destacar os aspectos positivos** do seu traballo.
8. Recordar que as **tarefas para casa** tamén lle van levar máis tempo que aos seus compañeiros de clase. Reducir a cantidade de exercicios.
9. **Valorar os progresos** de acordo co seu esforzo, non co nivel do resto dos seus compañeiros de clase.
10. **Facer saber ao alumno** que todo o equipo docente coñece o seu problema, interésase por el e que tomará as medidas de RE necesarias para favorecer o seu proceso de aprendizaxe.
11. **Dar a coñecer o problema** ao resto dos compañeiros de aula.
12. **Reforzar** as áreas e/ou habilidades nas cales o alumno se sinta cómodo e potencialas ao máximo.
13. Buscar un deporte ou unha actividade extraescolar na que **destaque** ou non teña dificultades.
14. **Reducir a copia** de enunciados ou información escrita (encerado, libro de texto, etc.) así como preguntas ditadas.
15. Buscar **reforzos visuais ou auditivos** para traballar os contidos das diferentes materias.
16. Favorecer unha **aprendizaxe significativa** e vivencial.
17. Como **recurso didáctico** dentro da aula é aconsellable utilizar esquemas e reforzos visuais ou auditivos (esquemas de claves, mapas conceptuais, resumos con apoio visual, murais interactivos, documentais, cintas de vídeo, programas informáticos, CDs, utilización de enciclopedias ou dicionarios visuais, CD-ROMs, etc.).
18. Uso do **ordenador** como ferramenta complementaria no seu proceso de aprendizaxe así como programas informáticos específicos que trasladan a textos escritos o que el alumno di, le texto escrito que previamente se escanea e le o que o neno escribe.
19. Traballar con **axenda** para que poida rexistrar as datas de controis/probas de avaliación, a presentación de traballos e os deberes.
20. **Coordinación do profesorado** na adecuación do **volumen de deberes** rexistrándoos nun lugar común. Adecuar o grao de dificultade destes.

21. Ter **expostos na aula** murais interactivos e reforzos visuais para favorecer as aprendizaxes, así como materiais elaborados por eles relacionados cos seus intereses e motivacións.
22. **Evitar a copia innecesaria** de información de libros de texto.
23. **Permitir máis tempo** para realizar os traballos, tarefas, probas ou exames, ou ben **reducir o número**.
24. **Adaptar os libros de lectura** ao nivel lector do alumno.
25. **Evitar** a corrección en **vermello**.
26. Considerando a evolución do alumno, **evitar a corrección sistemática de todas as faltas** de ortografía e **avaliar os traballos, tarefas, probas ou exames en función do contido**.
27. Adaptacións a nivel de materiais
28. **Simplificar** as instrucións escritas **subliñando** ou destacando previamente as partes máis importantes do texto, ou **resumindoas** nunha frase máis sinxela.
29. **Fraccionar os textos** en partes máis pequenas ou eliminar partes do mesmo cando proporciona información redundante.
30. **Marcar** con fluorescentes a **información máis relevante** e esencial no libro do alumno.
31. Proporcionar **esquemas** ao alumno: a utilización de esquemas resulta efectiva para que ao alumno poida seguir o desenvolvemento dos temas tendo un soporte lector simplificado (o esquema), que posteriormente lle facilite o recordo da información que o profesor deu. Ademais, **axúdalle a entender a idea principal e os aspectos relacionados con ela**.
32. Incluir **ensino explícito por pasos** dentro das súas leccións (ex.: presentar un adianto da tarefa, proporcionar unha práctica guiada, ofrecer feedback corrector, práctica independente por parte do alumno, monitorizar a práctica e revisala).
33. **Asegurarse de que o alumno entendeu as instrucións da tarefa:** cando o alumno debe realizar unha actividade cuxas instrucións se lle

- presentan por escrito, o profesor deberá asegurarse de que este as entendeu.
34. **Dar información verbal e visual simultaneamente:** introducir o tema (sempre que sexa posible) por medio de imaxes, xa que o alumno ten máis facilidade para recibir a información por vía visual e auditiva. O uso de DVD, vídeos, diapositivas, murais, etc. sérvenlle como complemento da explicación oral.
 35. **Escribir os apartados e o vocabulario máis significativo do tema na pizarra:** antes dunha explicación o profesor pode escribir as novas palabras de vocabulario e os aspectos principais.
 36. Fomentar técnicas de **aprendizaxe cooperativa** por parellas ou equipos naquelas actividades que teñen un alto compoñente lector.
 37. Colocar ao **alumno preto do profesor** para que lle poida ofrecer a axuda necesaria.
 38. Utilizar **sinais para resaltar** os aspectos máis importantes: os asteriscos ou outros marcadores poden acentuar as preguntas ou actividades que son máis importantes para a avaliación. Isto axuda aos alumnos a rendibilizar o tempo durante os exames.
 39. Mostrar os traballos realizados: ensinar aos demais os traballos ben realizados pode axudar aos alumnos a **mellorar a súa autoestima**, a súa motivación cara á tarefa e as súas expectativas.
 40. Utilizar o **ensino titorizado**: o profesor pode xuntar a alumnos de diversos niveis para repasar as actividades, para preparar un exame, ler en voz alta un a outro, escribir historias, etc. Tamén un compañeiro pode ler os problemas de matemáticas ao alumno con dificultades lectoras para que os comprenda.
 41. Se os problemas persisten, permitir o uso de **ferramentas compensatorias** como as táboas de multiplicar.
 42. Ante dificultades de atención e/ou de organización persoal **ter á vista autoinstrucións de organización persoal** (organización do pupitre, preparación da mochila, etc).

43. Ter un **calendario na aula** coas datas de probas de avaliación e entrega de traballos, favorecendo que os mesmos se atopen espaciados no tempo.
44. Confeccionar un **horario visual**, asociando cada materia cunha imaxe e/ou cor.
45. Diseñar máis actividades nas que teña **maior peso a linguaxe oral** que a escrita.

Pautas específicas de avaliación

- Utilizar **cores alternativas** ao vermello para a corrección (os alumnos asocian esta cor ao fracaso).
- **Evitar a corrección sistemática** de todos os erros na súa escritura.
- Presentar as **preguntas da proba por escrito** (non ditar).
- **Evitar** que o alumno teña **máis dunha proba por día**.
- **Dar as datas** dos exames cunha semana de antelación como mínimo.
- Expor **alternativas** complementarias de avaliación á proba escrita dependendo das características do alumno:
 - Proba oral.
 - Proba tipo test.
- Cambiar o **formato da proba escrita** : enunciados curtos, destacar palabras claves dos enunciados, actividades de relacionar con apoio visual, poñer un exemplo, presentar unha cuestión por pregunta...
- **Examinalo oralmente** ou, no seu caso, **lerlle as preguntas** do exame para asegurar a súa comprensión e axilizar a resposta.
- Considerar o **caderno de traballo** como ferramenta de avaliación.
- Nas probas escritas **asegurarnos de que comprendeu** o enunciado de todas as preguntas.
- Proporcionar **tempo adicional** nas probas de avaliación escritas e/ou reducir o número de preguntas a contestar.
- **Avaliar** as probas de avaliación e traballos **en función do contido**.

Aprendizaxe de técnicas de estudo

Débase axudar ao alumno a coñecer e elixir aqueles **métodos de estudo** que se adapten mellor ao seu **estilo de aprendizaxe**, fomentando o ensino de técnicas de estudo dunha **forma explícita** dentro da aula. Desta forma desenvolverá estratexias e hábitos de estudo que lle permitirán ter un maior grao de autonomía así como unha probabilidade máis alta de éxito académico.

Recoméndanse as seguintes **estratexias**:

- Identificar e subliñar **palabras claves** nun enunciado ou nun texto.
- Resumir
- Mapas conceptuais
- Esquemas de claves.
- Fichas de estudo (pregunta diante/resposta detrás, ou preguntas e respostas en fichas separadas para xogar ao "memory").
- "Post-its" para vocabulario/información importante.
- Utilización da gravadora como ferramenta para reforzar o estudo.
- Elaboración de "plannings" de estudo (tempo dedicado a cada materia ao longo dunha semana).
- Utilización da axenda.

OUTRAS RECOMENDACIÓNS

Sabemos cales son as **dificultades coas tarefas de lecto-escritura** e naquelas nas que estes procesos teñen que ponerse en xogo (lectura de unidades de CN, CS, etc). Consecuientemente, haberá que incidir sobre estas dificultades a través da **acción educativa axeitada**.

Debemos **animalo, apoialo** e trasladarlle que sabemos e entendemos o que lle pasa e que temos a vontade de axudarlle, posibilitando asimesmo a boa integración no grupo, dándolle **oportunidades de que faga aportacións** á

clase, que debe ser tamén un apoio para el e non una fonte de insatisfacción que evidencia as súas dificultades.

Pero é fundamental **tamén a disciplina e a esixencia** en relación á realización de tarefas escolares que debe estar en relación coas súas posibilidades e fundamentada no que o alumno pode facer, non permitindo a falta de aplicación.

Debemos incidir na **creación do hábito de estudo**. Temos que establecer unha rutina de traballo, un lugar fixo e un momento determinado.

É recomendable acostumalo a estar **concentrado durante un tempo** e, a medida que vaia crescendo, ir aumentando este rato de concentración na tarefa para desenvolver o hábito de estudo.

Para **aprender a estudar** débense respectar as seguintes pautas:

1. **No mesmo lugar.** O lugar de estudo deberá ser sempre o mesmo, cómodo, cunha mesa, unha cadeira e unha lámpara, evitando que existan elementos atractivos ou susceptibles de distraelo. Dispoñeremos de todo o material necesario cerca (libros, lapis, sacapuntas, goma...) para evitar que teña que levantarse e se despiste constantemente.
2. **No mesmo momento.** Igual que hai un momento para a comida ou o baño, tamén o haberá para o estudio. Os adecuados poden ser despois de merendar ou ao chegar á casa despois das actividades extraescolares. Reservaremos e sinalaremos no horario o rato de estudio. Se non ten deberes, podemos investir ese rato en facer algunha tarefa que require certa concentración, como ler un conto. Incluso, para motivalo, podemos colgar estes traballos na súa habitación para que os vexa o resto da familia ou archivalos nunha caixa bonita.
3. **Da mesma forma.** Aínda que ao principio esteamos con el e lle axudemos a distribuír as tarefas empezando polas máis difíciles e marcando o tempo para cada unha, máis adiante teremos que retirarnos e confiar en que o fará por si mesmo.

Tamén debemos **ter en conta que:**

- É fundamental **que remate todas as tarefas** que comeza.

- A nosa labor como pais é animalos e esixirilles.
- O hábito de estudio require a repetición dunha **metodoloxía eficaz**, é dicir, que se traduza nun rendemento adecuado para a idade do neno.
- Non nos esquezamos nunca de **reforzar e premiar o seu esforzo** e avance. Isto aumentará a confianza en si mesmo e a motivación cara a tarefa. Para motivalo, podemos colgar os seus traballos e os materiais utilizados para o reforzo na habitación ao fin de que os vexa o resto da familia ou archivalos nunha caixa bonita.
- Axudarlle ou ensinarlle a estudar non é sinónimo de facelo por el. Permítámoslle que tome decisións e teña responsabilidades conformes á súa idade. A medida que vaia aprendendo, cada vez nos necesitará menos.
- Cando apareza algún fracaso, que o haberá, ensinémolle a non desanimarse. Buscar os erros e poñerlles solución será a actitude máis adecuada a seguir.
- As actividades **extraescolares** son beneficiosas para fomentar as afeccións, facer amigos, distraerse, aprender, facer deporte... Á hora de elixilas teremos en conta a opinión dos nosos fillos así como as súas necesidades.
- **Podemos proceder da seguinte maneira:**
 1. **Repasamos a organización das tarefas:** lugar e ambiente de estudio, material necesario, etc. Búscase o mellor horario para facelos e recóllese nun papel. Sirva como exemplo o seguinte horario:
 - 17.00-18.00: merenda.
 - 18.00-19.00: exercicios escolares.
 - 19.00-20.00: xogo.
 - 20.00: baño.
 - 20.30: cea.
 - 21.30: imos á cama
 1. **Establécese un programa de puntos/fichas no que se reforan as seguintes condutas:**

- Cumplir o horario.
- Terminar as tarefas.
- Facer as tarefas correctas.

Cando o alumno **cumpra** algunha destas condutas **dáselle un punto/ficha**. De tal forma que se ao final do tempo de estudio ten as tarefas terminadas e correctas, podería no seu tempo de xogo facer o que máis lle guste. Se ao final da semana conseguira os obxectivos marcados, podería elixir entre unha actividade especial de lecer.

1. Determínanse as normas que terá que respectar no seu tempo de estudo:

- Antes de empezar a estudar, ten que dispoñer na mesa de todo o necesario.
- Calquera dúbida sobre os exercicios, apuntaraa e preguntaraa ao finalizar a materia.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os distintos materiais e recursos que nos axudarán a presentar e desenvolver os contidos que vamos traballar cos nenos/as, e para poder empregar a metodoloxía descrita, deben ser variados e de distinta natureza, dependendo da área á que se refira:

Materiais e recursos didácticos para a área de Ciencias da Natureza

- Libros dixitais da plataforma E-Dixgal.
- Ordenadores E-Dixgal.
- Recursos educativos (Internet).
- Pizarra dixital.
- Materiais de Laboratorio.
 - Materiais de refugallo.
 - Xornais e revistas.
- Material tecnolóxico: cascos, pendrive, rato.

Materiais e recursos didácticos para a área de Ciencias Sociais

- Libros dixitais da plataforma E-Dixgal

- Ordenadores E-Dixgal.
- Recursos educativos (Internet).
- Materiais para a área: Mapas, esferas , vídeos, internet
- Pizarra dixital.
- Material manipulable e experimental propio da área.
- Material tecnolóxico: cascos, pendrive, rato.

Materiais e recursos didácticos para a área de Lingua Castelá de 5º.

- Libros dixitais da plataforma E-Dixgal.
- Ordenadores E-Dixgal.
- Recursos educativos (Internet).
- Pizarra dixital.
- Audios de distintos tipos.
- Dicionario.
- Cuaderno complementario da Editorial Santillana.
- Libros de lectura do plan lector.
- Material manipulable y experimental propio del área.
- Pizarra dixital.
- Material tecnolóxico: cascos, pendrive, rato.

Materiais e recursos didácticos para a área de Lingua galega de 5º.

- Libros dixitais da plataforma E-Dixgal.
- Ordenadores E-Dixgal.
- Material funxible.
- Material manipulable e experimental propio da área.
- Caderno complementario Editorial Santillana.
- Recursos educativos (Internet).
- Dicionario.
- Pizarra dixital.
- Diario de escrita.
- Caderno do alumno en papel.
- Material tecnolóxico: cascos, pendrive, rato.

Materiais e recursos didácticos para a área de Matemáticas de 5º.

- Libros dixitais da plataforma E-Dixgal.

- Ordenadores E-Dixgal.
- Material manipulable e experimental propio da área.
- Caderno complementario Editorial Santillana.
- Libro de Competencias.
- Recursos educativos (Internet).
- Material complementario.
- Calculadora.
- Pizarra dixital.

Materiais e recursos didácticos para a área de Ed. Artística de 5º Curso

Plástica:

- Material variable de debuxo.
- Caderno de debuxo.
- Prensa, libros, información obtida a través das redes, material manipulativo, significativo, material para manualidades, música, cine, teatro, poesía...
- Material de refugallo.
- Guantes, camiseta vella e botas, para o xardín.

Música:

- Fruta doce.
- Instrumentos musicais diversos.

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

Esta programación concédelle á avaliación a importancia de ser un instrumento que nos permite recoller en cada momento a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe.

No apartado referido a metodoloxía xa se fixo referencia ao feito de que calquera momento, espazo, opinión... é unha oportunidade educativa. Do mesmo xeito, calquera actividade, xogo, tarefa, debate... é unha oportunidade para obter información sobre a aprendizaxe do alumnado. Unha avaliación, pois, global e continua.

A participación no grupo, as exposicións escritas e orais, o interese, o esforzo, o respecto ao grupo, o coidado do material, a orde e a limpeza... serán valoradas á hora de determinar os logros do alumnado.

O peso que cada un destes aspectos terá na nota final de cada unha das áreas está detallado nas programacións de áreas.

Os diferentes tipos de avaliación e a súa posta en práctica expóñense a continuación:

Avaliación inicial.

Nos primeiros días de setembro, seguindo o protocolo de transición de un curso a outro, as titoras intercambian información sobre o alumnado coas titoras do curso anterior, en colaboración co DO, reuníndose os membros do curso anterior coas novas incorporacións para abordar o novo curso.

As probas de avaliación inicial partirán dos obxectivos e contidos mínimos que o alumno debeu adquirir ao finalizar o curso anterior e realizaranse durante o mes de setembro.

OBXECTIVOS:

- a) Detectar as características dos alumnos-as ao comezar o curso nos contidos das áreas.
- b) Saber que alumnos-as teñen dificultades de aprendizaxe desde principio de curso e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo con este alumnado.
- d) Informar ás familias sobre a situación inicial dos seus fillos-as para implicar á familia no proceso educativo.
- e) Enlazar as aprendizaxes dos alumnos-as do cuarto curso de Primaria co quinto curso.
- f) Detectar dificultades de aprendizaxe.

Tendo en conta estas avaliacións iniciais e valorando as características que presenta o alumnado ao chegar ao novo curso, definiranse as liñas de acción a levar a cabo, tanto por parte da titora e as mestras que imparten no curso, como por parte das mestras especialistas en PT e AL, así como por parte do orientador.

Avaliación continua.

A avaliación sempre terá un carácter continuo, e teranse en conta os logros do alumnado, así como a súa evolución. Un/unha alumno/a que supere as tres

avaliacións acadará a superación da materia. Se algunha das avaliacións non é superada, aplicaranse as medidas previstas para tentar a súa recuperación.

Os traballos presentados deberán respectar unhas normas de presentación establecidas, dependendo, en cada caso do que se esixa en cada un deles

È importante que o alumnado traia o día de clase aquel material que se lle pida para unha actividade concreta.

Realizarase a avaliación empregando diferentes instrumentos de avaliación que se concretan na programación de cada área.

Periodicidade coa que se farán probas escritas

Haberá unha proba escrita por cada grupo de estándares que se relacionen entre si e que coincidirán con cada unidade temática do libro. Estas probas serán postas e avisadas coa antelación adecuada para que o alumnado apunte as datas e estarán visibles na aula, no lugar disposto para elo. O alumnado coñecerá os criterios de valoración das probas escritas ou orais e tamén será coñecedor da puntuación obtida nas mesmas, de maneira individualizada por parte das mestras.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información.

1. Busca de información. (Rúbrica)
2. Realización de tarefas na aula. (Rúbrica)
3. Realización de tarefas na casa. (Lista de control)
4. Presentación das tarefas e traballos. (Rúbrica)
5. Exposición Oral. (Rúbrica)
6. Caderno de clase. (Escala de observación, rexistro de seguimento)
7. Traballos de aula. (Lista de cotejo)
8. Lectura da biblioteca de aula. (Lista de cotejo)
9. Axilidade mental para o cálculo. (Probas orais)
10. Respecto polas normas, polo material e polos compañeiros.

• Recuperación de notas

Mecanismo/s para recuperar unha proba non superada

Se un alumno ou alumna tivera varios traballos incorrectos, podería presentar de novo, esta vez mellor, aquelas actividades non desenvolvidas correctamente, recuperándoas de este modo.

Como é unha avaliación continua, e a dificultade das actividades incrementase, á vez que se traballa sobre conceptos anteriores, se o alumnado

manifesta un esforzo, atención e actitude positivas, e un afán de mellorar, se este tivera unha avaliación anterior suspensa, podería, tamén, recuperala.

Nas probas escritas poderán incluírse preguntas sobre os contidos non superados na proba anterior e que se tratan exclusivamente nun trimestre concreto.

Tamén poderanse facer recuperacións parciais de contidos nos superados, despois de seren explicados ao/á alumno/a en cuestión.

• Recuperación de avaliación

A nota final será a nota da media das tres avaliacións. Para a asignación de notas terase en conta o documento de avaliación

Os resultados da avaliación do alumnado expresaranse nos termos seguintes:

IN (Insuficiente)	1, 2, 3 ou 4 puntos.
SU (suficiente)	5 puntos.
Be (Ben)	6 puntos.
NT (Notable)	7 ou 8 puntos.
SB (Sobresaliente)	9 ou 10 puntos.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para medir a adecuación do proceso de ensino e a práctica docente, periodicamente, ao remate dun proxecto ou dunha unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora.

ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR	O QUE HAI QUE DESTACAR...	O QUE HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización do proxecto ou das unidades didácticas			
Interese suscitado			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			

Manexo dos contidos			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR	O QUE HAI QUE DESTACAR...	O QUE HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL			
			Escala			
			1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.						
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.						

3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.						
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.						
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.						
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.						
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.						
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.						

9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				

17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				
--	--	--	--	--

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Remitimos ao especificado no apartado de actividades complementarias e extraescolares da PXA do noso centro para este curso 2018-19.

12.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

INDICADORES	ESCALA DE VALORACIÓN (5= excelente. 4= adecuado. 3= posiblemente. 2= en ocasións. 1= poucas veces.)			
	5	4	3	2
PROGRAMACIÓN				
As actividades seleccionadas son adecuados ás características e intereses do alumnado.				
Os obxectivos didácticos programados en cada clase son alcanzables ou se axustan ás necesidades e intereses do alumnado.				
Os contidos se adecúan aos obxectivos didácticos seleccionados.				
O grao de complexidade dos contidos axústanse ás características psicoevolutivas.				
Os contidos secuenciados e temporalizados seguen unha organización de complexidade crecente.				
Os contidos cumpren o principio de globalidade e son integrais.				
As unidades formativas cumpren o principio de especificidade.				
As unidades didácticas réxense por unha temporalización lóxica.				
<u>MEDIA</u>				
METODOLOXÍA				
A metodoloxía empregada axústase ás necesidades e intereses do alumnado.				
É válida nosa metodoloxía para alcanzar os nosos obxectivos e contidos.				

A información inicial é suficiente. É clara e precisa.				
O coñecemento de resultados é explicativo e resolve os problemas de maneira efectiva.				
As estratexias son adecuadas para que o alumno asimile o que vai realizar.				
A motivación é adecuada para a execución das tarefas.				
Os reforzos que se dan son positivos máis que negativos.				
<u>MEDIA</u>				
ORGANIZACIÓN				
A posición do mestre é adecuada tanto na información inicial como no coñecemento de resultados.				
A organización de grupos facilita o desenvolvemento do proceso de Ensino - Aprendizaxe.				
A organización adáptase ás necesidades específicas dos recursos.				
As tarefas axústase ao desenvolvemento dos nosos contidos.				
Aproveitamento do tempo real de clase en tempo efectivo ou activo sobre o desactivo.				
O clima socioafectivo é adecuado entre mestre, alumno e grupo.				
A organización permite a individualización.				
<u>MEDIA</u>				
<u>MEDIA TOTAL</u>				